

COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE PARA USUARIOS/AS QUE DESENVOLVAN AS SÚAS FUNCIÓNS NO EIDO DA XESTIÓN DE ITINERARIOS DE INCLUSIÓN SOCIO LABORAL, CON ACCESO Á INFORMACIÓN E DATOS PERSOAIS DOS QUE É RESPONSABLE A XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

A/o usuaria/o D/Dna., con DNI nº membro da entidade..... e do equipo de inclusión/actuación/programa con grupo profesional (1,2, etc) ao abeiro das súas funcións no eido da xestión de itinerarios de inclusión socio laboral, poderá acceder a documentos e informacións de carácter confidencial, levando a cabo, así mesmo, un tratamento de datos persoais dos que é responsable a Xunta de Galicia – Consellería de Política Social, incluíndo aqueles que a normativa vixente considera especialmente sensibles e susceptibles de máxima protección en relación cos dereitos e liberdades fundamentais das persoas afectadas. A este respecto, manifesta ter sido informado de

- Que a estes efectos, entenderase por:
 - «información confidencial»: calquera información, con independencia da súa natureza, en calquera forma ou soporte (verbal, escrita, gravada ou de calquera outro tipo), que sexa facilitada ou á que accedera a/o usuaria/o, incluíndose aquela información que fose xerada a partir da propia información confidencial, en especial, a relativa a datos persoais de calquera índole.
 - «datos persoais»: toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable, directa ou indirectamente, en particular mediante un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da devandita persoa.
 - «tratamento»: calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución.
- Que o artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD), establece a obrigação para todas as persoas que interveñan en calquera fase do tratamento dos datos persoais o deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1. f) do Regulamento Xeral de Protección de Datos (en diante, RXPD) Esta obrigação será complementaria dos deberes de segredo profesional de conformidade coa súa normativa aplicable, e manterase aínda cando finalizase a relación da/o usuaria/o co responsable do tratamento.

Polo anteriormente exposto, a/o usuaria/o comprométese a:

- Acceder aos datos persoais dos solicitantes e demais persoas afectadas unicamente se tal acceso fose necesario para cumprir coas súas obrigas establecidas e no ámbito da mellor xestión dos servizos de inclusión social.
- Manter absoluta confidencialidade e segredo sobre a totalidade da información á que teña acceso con motivo do desenvolvemento de seu traballo e empregala cos fins exclusivos de xestión para os que sexa autorizada/o, así como non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen o previo consentimento por escrito do responsable do tratamento, salvo nos casos expresamente previstos na lei ou na normativa reguladora do procedemento administrativo correspondente.
- Aplicar as medidas técnicas ou organizativas apropiadas para garantir unha seguridade adecuada da información, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, así como as especificamente esixidas pola Consellería de Política Social e pola normativa vixente en cada momento. En especial, a/o usuario comprométese a non deixar á disposición de terceiros non autorizados soportes, copias ou documentos que conteñan datos persoais e a non conservar no seu poder copias dos devanditos datos.
- Non conservar, tras a finalización de cada un dos traballos realizados, copias de calquera material, información ou documentación derivada destes, salvo que exista unha previsión legal que esixa a súa conservación.

Información básica sobre protección de datos	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia-Consellería de Política Social
Finalidades do tratamento	Xestión de compromisos de confidencialidade dos usuarios/as do sistema de información.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento: Regulamento xeral de protección de datos; Lei Orgánica

Dirixido a: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Edificio Administrativo San Caetano, S/N 15781- Santiago de Compostela (A Coruña)

	3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
Destinatarios	Os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario para a adecuada xestión da Estratexia de inclusión social de Galicia ás entidades colaboradoras, aos organismos públicos financiadores e ás administracións públicas competentes como a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda como organismo de control dos Fondos Comunitarios.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, así como retirar no seu caso o consentimento outorgado segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto do delegado/delegada de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

En _____, a ____ de _____ de 20__

Asdo:.....